




amianto

ATENCIÓN
CONTEN
AMIANTO

nos
centros educativos



inimigo invisible



pola
túa seguridade
conta
connosco



ensino

<http://ccooensino.net>

inimigo invisible



O amianto ou asbesto é un mineral de gran durabilidade e reducido custo, formado por fibras naturais con diferente composición química, os tipos máis comúns son: amianto azul (crocidolita), amianto marrón (amosita) e amianto branco (crisolito).

No ámbito educativo, a exposición a este mineral pode afectar a todas as persoas que prestan os seus servizos nos centros educativos e tamén ao alumnado usuario dos mesmos. Hai evidencia de que debido á limpeza das roupas de traballo impregnadas do po de amianto tamén hai familiares afectados.

A friabilidade (capacidade para desfacerse en fibras cada vez máis pequenas) fai que este material chegue a ser respirable penetrando no noso organismo. Moitos anos logo de producirse a exposición, xorden diferentes patoloxías principalmente no aparello respiratorio.

O amianto é unha sustancia confirmada pola Organización Mundial da Saúde como carcinóxena do primeiro grupo en humanos, é dicir que pode producir cancro con independencia da cantidade á que se estea exposto. A OMS afirma que se producen 107.000 mortes ao ano por enfermidades derivadas do amianto. Toda manipulación do amianto convértese en risco potencial de cancro ao pasar fibras respirables que son imperceptibles no ar.

Formalmente as enfermidades profesionais asociadas ao amianto seguen provocando doenzas e mortes que case nunca se rexistran e que se acaban denunciando nos xulgados.

Non foi ata ben entrada a década dos 80 cando se comezou a prohibir o amianto azul e nos 90 o amianto marrón. En 2002 prohibiuse todo tipo de amianto no noso país. Hoxe día máis de 2 millóns de toneladas de amianto instalado, segue estando presente, entre outros sitios, nos centros educativos.

Fai algúns meses, varios medios de comunicación en Euskadi informaron da localización de amianto na composición de seis encerados das aulas de catro colexios de Vitoria. A citada noticia foi confirmada pola administración correspondente que tomou varias iniciativas que reproducimos polo seu interese:

1. Elaborar e difundir un documento con instrucións sobre mantemento de encerados.
2. Elaborar un rexistro-inventario dos encerados que puidesen ser susceptibles de conter este tipo de material.
3. Retirar, con carácter inmediato, aqueles encerados que puidesen estar deteriorados ou manipulados

Aínda que o amianto localizado neses encerados sería non friable, é dicir, non susceptible de emitir fibras ao ambiente de traballo en estado normal e mentres non se manipule, queremos insistir nos seus perigos potenciais debido aos gravísimos efectos que ten sobre a saúde humana.

pola túa seguridade conta connosco



Os minerais de amianto teñen fibras longas e resistentes que se poden separar e son suficientemente flexibles como para ser entrelazadas e tamén resisten as altas temperaturas.

Debido a estas características, **utilízase para unha grande variedade de produtos manufacturados**, máis de 3.000, principalmente en materiais de construción, produtos de fricción, materiais téxtiles termoresistentes, envases, empaquetaduras e revestimentos.

Como orientación, expomos algúns lugares que tiveron e **poden seguir contendo amianto**:

- a** **Morteiro proxectado**, utilizado como aillamento térmico e acústico e para a protección contra incendios de estruturas metálicas de edificios.
- a** **Calorifugado** e cordóns para caldeiras e conduccións de fluídos a altas temperaturas, utilizados en fábricas e edificios públicos como forros de caldeiras e tuberías e cordóns enrollados en torno a pezas de fontanería.
- a** **Taboleiros aillantes**, utilizados na protección contra o lume e como aillantes na construción e revestimento de caldeiras e interiores de fornos.
- a** **Tecidos**, para a confección de mantas, colchóns, panos ignífugos, luvas, mandís, roupa de traballo, etc. Utilizados en fundicións, laboratorios, cociñas, teatros...
- a** **Cartóns e produtos de papel**, utilizados como aillantes térmicos e eléctricos.
- a** **Fibrocemento**, en forma de chapa ondulada para cubertas, cisternas e depósitos, tubos de presión para redes de auga potable, depósitos, cisternas, baixantes, calexas, xardineiras, etc.
- a** **Teas asfálticas** (amianto mesturado con betún) para a fabricación de tellados semirríxidos, impermeabilizantes baixo tellas, chapas tapaxuntas, forros de calexas, etc.
- a** **Losetas termoplásticas** para pavimento, utilizadas en escolas, hospitais e vivendas.
- a** **Plásticos reforzados** (composites).
- a** Recentemente apareceu en **encerados** instalados en centros educativos de Euskadi.



Un dos parámetros que se utiliza para averiguar as edificacións que poden conter materiais con amianto é o ano da edificación. Segundo a guía técnica do INSHT para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coa exposición ao amianto son as edificacións construídas entre 1965 e 1985.

A principal vía de entrada ao organismo das fibras de amianto é por **inhalación**, constituindo unha fonte de irritación permanente e pode chegar á destrución do tecido pulmonar.

Entre os **factores de risco** da exposición ao amianto están:

- a** A concentración de **po de amianto** no ar.
- a** O **tempo de exposición** en ambientes con po de amianto.
- a** O **tamaño das fibras**.
- a** As **patoloxías do sistema respiratorio** do traballador e o costume de fumar xeneran sinerxia coas fibras de amianto.



A exposición ao amianto pode producir, entre outras, as seguintes enfermidades consideradas no noso ordeamento como **enfermidades profesionais**:

- a** Asbestose (fibrose pulmonar)
- a** Cancro de pulmón
- a** Mesotelioma pleural e peritoneal.
- a** Cancro de larinx

A enfermidade pode presentarse despois dun longo período de tempo dende o comezo de la exposición (20, 40 ou máis anos), polo que **pode presentarse pasada a actividade laboral**, na xubilación.

As administracións educativas e as empresas, nas que nos seus centros se producise a exposición, deben garantir o cumprimento do Real Decreto 396/2006, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

É obriga das administracións e dos empresarios incluír, dentro da avaliación de riscos, a **medición da concentración de fibras de amianto** no ar do lugar de traballo e a súa comparación co valor límite establecido no R.D 396/2006, de forma que se determine a natureza e o grao de exposición dos traballadores e traballadoras.

O artigo 18 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, referente a información, consulta e participación dos traballadores, establece a obriga do empresario de **informar** aos traballadores **dos riscos existentes** en toda a súa extensión, **das medidas e actividades de prevención e protección aplicables** a aqueles e das **medidas de emerxencia**.

Deben realizarse **avaliacións periódicamente** e informar dos resultados aos Comités de Seguridade e Saúde e aos delegados de prevención. A periodicidade das avaliacións de riscos e controis das condicións de traballo determinarase tendo en conta, polo menos, a información recibida dos traballadores e as traballadoras, e atendendo especialmente aos factores que poidan orixinar un incremento das exposicións respecto ás inicialmente avaliadas. (Adopción de medidas organizativas axeitadas e coordinación de actividades preventivas).

A **vixiancia da saúde** das traballadoras e traballadores expostos ao amianto será obrigatoria tanto ao inicio da actividade con risco de exposición ao amianto, para determinar a aptitude para ese traballo, como de forma periódica para toda persoa que estea ou estivera exposto ao amianto, segundo establece o RD 396/2006, art. 16. Os **exames médicos**, por outra banda, rexeranse polo establecido no [Protocolo de vixiancia sanitaria específica do amianto do Ministerio de Sanidad y Consumo](#).

Estes recoñecementos médicos preventivos continuarán despois do cesamento do traballo na empresa, por xubilación ou outra causa, a cargo do Sistema Nacional de Saúde, a través do [Programa Integral de Vixiancia da Saúde dos Traballadores que estiveron expostos ao Amianto](#) do que a súa execución corresponde ás Autoridades Sanitarias (web ministerio de sanidade).

Registro de datos e arquivo da documentación de acordo co establecido no R.D 396/2006.

Se estou exposto ao amianto

- a** Solicitar á empresa **información** das medidas preventivas.
- a** Solicitar **formación** preventiva sobre o modo de actuar se teño ou tiven contacto con amianto.
- a** Cumprir as **medidas de seguridade**.
- a** Acudir aos **recoñecementos médicos** e solicitar que se aplique o protocolo axeitado para a vixiancia da saúde.

Se hai que retirar e manipular amianto

O tratamento e/ou retirada do amianto ou materiais que o conteñan realizarase de acordo co establecido no **Real Decreto 396/2006** e as súas normas de desenvolvemento.

Unicamente poderá ser manipulado por **empresas especializadas** cun plan de traballo aprobado pola autoridade laboral e inscritas no rexistro de empresas con risco de amianto (RERA). O persoal que manipule materiais que contiveran amianto deberá estar formado especificamente, ter una certificación de aptitude médica e contar con equipos de protección colectiva e individual e garantir determinadas medidas preventivas, entre outras, as seguintes:

- a** Coñecemento e seguemento do plan de traballo aprobado.
- a** Información adecuada e seguemento da coordinación das actividades preventivas.
- a** Aplicación e seguimento das medidas organizativas sobre:
 - Tipos de materiais.
 - Ubicación dos traballos e a súa sinalización.
 - Duración dos traballos.
 - Descrición dos procedementos, equipos de protección colectivos e individuais.
 - Evacuación dos materiais (transporte e vertedoiro axeitado)
 - Medicións ambientais.

Se estiven exposto ao amianto

Se xa non estou en activo ou traballo noutra empresa onde houbo contaminación por amianto:

- a** Acudir ao médico de Atención Primaria para derivar ao Servizo Territorial de Sanidade.
- a** Acudir aos recoñecementos médicos post-ocupacionais do Servizo Territorial de Sanidade da miña provincia.
- a** Informarme nas Asesorías de Saúde Laboral de CCOO .



polo túa seguridade conta connosco



Podes poñerte en contactos con nós, nos locais das comarcas

Enderezos, teléfonos e fax:

A Coruña:



Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895 / Fax 981 145 899

Ferrol:



Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336 / Fax 981 350 353

Lugo:



Rolda da Muralla 58, 5.º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060 / Fax 982 245 907

O Barco:



Praza do Concello 2, 1º Andar.
CP 32300
Telf. 988 322 034 / Fax 988 325 159

Ourense:



Parque San Lázaro 12, 3.º andar
CP 32003
Telf. 988 392 256 / Fax 988 251 400

Pontevedra:



Rúa Pasantería 1, 2.º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276 / Fax 986 869 784

Santiago:



Vía Edison 1.º C, Polígono do Tambre.
CP 15890
Telf. 981 958217 / Fax 981 958201

Vigo:



Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847 / Fax 986 246 848

Verín:



Avenida Portugal 3-5.
CP 32600
Telf. 988 410 641 / Fax 988 410 641

Viveiro:



Rúa García Doringa s/n
CP 27850
Telf. 982 561 001 / Fax 982 561 001

Enderezos electrónicos:

A Coruña:



scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol:



scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo:



scensino.lugo@galicia.ccoo.es

O Barco:



scensino.oure@galicia.ccoo.es

Ourense:



scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra:



scensino.pont@galicia.ccoo.es

Santiago:



ensino.stgo@galicia.ccoo.es

Vigo:



scensino.vigo@galicia.ccoo.es

Verín:



lsverin@galicia.ccoo.es

Viveiro:



ucamari@galicia.ccoo.es